

**Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza**

Travesa dos Basquiños, 9, baixo

15.704 Santiago de Compostela

Tfno e fax: 981-570099

Correo-e: [adega@adega.info](mailto:adega@adega.info)

Páxina electrónica: [www.adega.info](http://www.adega.info)

## DOCUMENTO DE ALEGACIONES

Fins Eirexas Santamaría, con DNI XXXXXXXX-X, Secretario Executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza), CIF G-15044811, con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, presenta á proposta de ampliación Plano Director da Rede Natura 2000 de Galiza as seguintes,

### ALEGACIONES


#### CONSIDERACIONES XERAIS

1. **Unha proposta insuficiente e trucada:** A proposta de ampliación da Rede Natura 2000 presentada pola Xunta en novembro de 2011 pretende elevar a porcentaxe de territorio galego baixo esta figura de protección dende o actual 12,1% ao 15,2%. Concordando en que, tal como se di na introdución da memoria da proposta, a porcentaxe por sí soa non debe ser determinante para acadar unha correcta representación dos hábitats e especies recollidos nas Directivas DC 92/43/CEE e DC 79/409/CEE, no caso galego a superficie da ampliación proposta non se corresponde coa riqueza e a biodiversidade presente no país e, portanto, incumpre o establecido nos artigos 2.1 e 2.2 da Directiva 92/43/CEE cuxo obxectivo é “...contribuir a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo dos Estados membros...”, (art. 2.1), e “...o mantemento e restablecemento nun estado de conservación favorable, dos hábitats naturais e das especies silvestres de interese comunitario...”(art. 2.2).

Dende ADEGA acreditamos na insuficiencia territorial da proposta presentada para protexer acaidamente a biodiversidade do país a teor, en primeiro lugar, do recollido na

páxina oficial<sup>1</sup> da Xunta encol da riqueza da biodiversidade galega por atoparse nunha “zona de transición entre a rexión eurosiberiana e a mediterránea, o que unido a unha variada climatoloxía e á complexidade estrutural, tradúcese nunha flora e fauna relativamente diversas”. No noso país están presentes 56 dos 121 tipos de hábitats naturais presentes no estado, entre eles 10 dos 56 considerados prioritarios, que acollen “unha das máis ricas representacións de flora e fauna da Península Ibérica”. Non alcanzamos a entender como Galiza, cunha das comunidades biolóxicas máis diversas de Europa, pode ter incluído só o 12,1% do seu territorio (15,2% na proposta de ampliación) na Rede Natura mentres que Asturias e Castela-León, comunidades veciñas e coas que partilla numerosas características bioxeográficas, teñen acollido baixo esta figura de protección o 29% e o 26% do seu territorio.


**Figura 1.** Comparación entre a superficie da RN 2000 nas distintas comunidades. Fonte: Ministerio de Medio Ambiente e elaboración propia.



Por iso resulta sumamente chamativo que para xustificar a súa proposta, a todas luces insuficiente, a Xunta pretenda comparar a porcentaxe acadada neste alongamento (15,2%) coas doutros estados europeos, en lugar de facelo coas comunidades veciñas ou mesmo coa media estatal, o 28%.

<sup>1</sup> Ligazón: <http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/conservacion/biodiversidade/>


**Figura 2.** Compartiva entre as porcentaxes de territorio en RN 2000 en Galiza e estados europeos. Fonte: Xunta de Galicia, borrador do documento de ampliación da RN 2000.



Deixando á marxe o feito de que a comparación entre dúas categorías non equivalentes (comunidade autónoma de Galiza e estados europeos) alén de ser pouco rigoroso, podería ferir determinadas susceptibilidades derivadas dun rancio “chauvinismo” por parte da

administración e institucións estatais, non deixa de sorprenden que á hora de comparar a extensión da Rede Natura entre comunidades autónomas fágase en termos de superficie absoluta e non de extensión relativa. Deste xeito, resulta obvio que as comunidades máis extensas, como Andalucía, Castela-León e Castela-A Mancha son as que tenden a ter máis territorio protexido en termos cuantitativos.

**Figura 3.** Comparación entre a superficie total en RN 2000 nas diversas comunidades. Fonte: Xunta de Galicia, documento informativo enviado aos medios de comunicación.




Todos estes argumentos e subterfuxios no tratamento dos datos non deixan de ser para ADEGA un pobre intento por parte da Xunta para xustificar unha porposta de ampliación misérrima, que en absoluto está á altura da riqueza e diversidade dos hábitats e especies naturais no noso país.

Outra proba disto é que na introdución do documento faise un percorrido histórico pola tramitación institucional das diferentes propostas e alongamentos da Rede Natura 2000 en Galiza. E neste relatorio é salientábel a ausencia de referencia algunha á proposta de ampliación elaborada pola propia Xunta de Galiza e datada en maio 2008, que se ben non se chegou a tramitar, sí foi obxecto de consulta e debate por parte dos membros do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sustentábel (COGAMADES). Esta

proposta, considerada polos representantes dos colectivos de defensa ambiental como “de mínimos” visaba un alongamento da Rede Natura galega até o 18,3% do territorio, lonxe aínda da media estatal do 28% e da representación que esta figura ten nas comunidades veciñas (ver figura 1).

Compriría avaliar tamén as razóns que moveron a un instituto de investigación como o IBADER (Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural), dependente da USC, a elaborar dúas propostas de ampliación da Rede Natura 2000 galega cualitativa e cuantitativamente diferentes: a elaborada en 2008 e a actual de 2011, máxime cando os membros das equipas redactoras foron practicamente os mesmos.

**Figura 4.** Créditos das memorias das propostas de ampliación da RN 2000 de 2008 (esquerda) e 2011 (dereita).



**2. Unha proposta incompleta:** A teor das incertidumes xurdidas sobre a fundamentación científica da ampliación de 2011, por mor das manifestas diferenzas entre esta e o documento de 2008 (ver apartado anterior), cabe preguntarse se foron os criterios científicos os que inspiraron a actual proposta. Estas dúbidas vense acentuadas polo feito que na proposta de 2008, o IBADER propuña a incorporación de novos tipos de hábitats a teor da actualización da información bioxeográfica, a unha millor interpretación da área mariña e costeira, a unha millor caracterización dos humidais, e a unha tipificación dos ecosistemas boscosos máis acaída á información científica dispoñíbel. En consecuencia, a

incorporación destes novos hábitats redundaba nun alongamento da superficie dos actuais LICs e na designación doutros novos. Estas incorporacións están usentes da proposta de 2011:

**Figura 5.** Incorporación de 16 novos hábitats á Rede Natura Galega. Fonte: Proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galicia de 2008, IBADER e Xunta de Galiza.

Tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE que se incorporan coa proposta	
Nat-2000	Hábitat do Anexo I da DC 92/43/CEE (Denominación abreviada)
1170	Arrecifes
1220	Vexetación perenne de coídos
2150 *	Dunas fixas descalcificadas atlánticas ( <i>Calluno-Ulicetea</i> )
2190	Depresións intradunais húmidas
3130	Augas oligotróficas ou mesotróficas
3270	Ríos de ribeiras lamacentas ( <i>Chenopodium rubri</i> p.p. e de <i>Bidention</i> p.p.)
5230 *	Matogueiras arborescentes de <i>Laurus nobilis</i>
6410	Prados con <i>Molinia</i>
6520	Prados de sega de montaña
7120	Turbeiras altas degradadas
7220 *	Mananciais petrificantes con formación de "tuf" ( <i>Cratoneurion</i> )
8330	Furnas mariñas
9180 *	Bosques de encostas, desprendementos e barrancos do <i>Tilio-Acerion</i>
91D0 *	Bosques de ribeira
91F0	Bosques mixtos das veigas dos grandes ríos
92A0	Bosques de ribeira de <i>Salix alba</i> e <i>Populus alba</i>

Táboa 10. Listado de tipos de Hábitats do Anexo I da DC 92/43/CEE que pasarían a formar parte do elenco de tipos presentes en Galicia de acordo á presente proposta.

ADEGA lembra á administración que “segundo o establecido no dereito mediambiental da UE e confirmado o Tribunal Europeo de Xustiza, a designación de lugares da Rede Natura 2000 só debe facerse segundo criterios científicos”. Tal é a resposta<sup>2</sup> do Comisario Potocnik á pregunta escrita E-9181/2010 dirixida á Comisión e presentada polo grupo Verdes-Ale do Parlamento Europeo, interesándose pola proposta de ampliación da Rede Natura Galega.

Na Decisión da Comisión Europea, 2004/813/CEE, do 7 de decembro de 2004, pola que se adopta a listaxe de Lugares de Importancia Comunitaria da Rexión Biogeográfica Atlántica (DOUE L 387, 29/12/2004), formúlase para o ámbito do estado español a necesidade de mellorar a representatividade de determinados tipos de hábitats, contando en Galiza cos tipos prioritarios Queirogais húmidos atlánticos de zonas temperadas de *Erica ciliaris* e *E. tetralix* (Nat-2000 4020\*) e as Turbeiras altas activas (Nat-2000 7110\*), así como o hábitat de interese comunitario asociado a estes, os Mires de Transición (Nat-2000 7140). Transcorridos 7 anos dende a publicación desta Decisión, e perante a renuencia do estado español e da Xunta de Galiza a ampliar a representividade destes hábitats insuficientemente recollidos no noso país, a Comisión Europea volta a lembrar por boca do Comisario Potocnik e en resposta<sup>3</sup> a unha nova pregunta escrita do grupo Verdes-ALE (E-000364/2011) que “os hábitats de interese comunitario 7110 «Turbeira alta activa» e 7140

<sup>2</sup> Ligazón: <http://www.europarl.europa.eu/sides/getAllAnswers.do?reference=E-2010-9181&language=ES>


<sup>3</sup> Ligazón: <http://www.europarl.europa.eu/sides/getAllAnswers.do?reference=E-2011-000364&language=ES>





A información sobre os hábitats de turbeiras, particularmente sobre as turbeiras de cobertor (7130\*) coa que conta o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, (Banco de datos da biodiversidade) reflicte tamén a presenza de amplas áreas deste hábitat en Galiza<sup>4</sup>, de xeito que o noso país é o que ostenta a maior superficie de todo o norte peninsular. Desgrazadamente, a actual proposta de ampliación da RN 2000 de Galiza non recolle non de lonxe a totalidade da superficie ocupada por este hábitat prioritario, ao contrario do que acontece en Asturias, Cantabria, Euskal Herria e Nafarroa. E, para o caso concreto da Serra do Barbanza, a documentación técnica do ministerio amosa novamente a presenza destas turbeiras:

**Figura 7.** Mapa de distribución estimada do tipo de hábitat 7130\*. Datos do Atlas dos Hábitat de España, marzo de 2006, VV.AA. Editado polo MARM. Na circunferenza verde, a Serra do Barbanza.



3. **Unha proposta incoerente:** A Directiva 92/43/CEE de Hábitats consagra no seu artigo 3.1 a creación da Rede Natura 2000 que é considerada “*unha rede ecolóxica europea coherente composta polos lugares que alberguen tipos de hábitats naturais que figuran no Anexo I e de hábitats de especies que figuran no Anexo II*”. Para mellorar esta coherencia ecolóxica, o artigo 10 dispón que os estados membros “*esforzaranse por fomentar a xestión dos elementos da paisaxe que revistan primordial importancia para a fauna e a flora silvestres. Trátase daqueles elementos que, pola súa estrutura lineal e continua (como os ríos coas súas correspondentes ribeiras ou os sistemas tradicionais de deslinde dos campos), ou polo seu papel de puntos de enlace (como as pozas ou os soutos) resultan esenciais para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético das especies silvestres.*” Trátase de que os LICs estén interconectados entre si através dunha rede de corredores ecolóxicos para garantir a mobilidade natural e, portanto, a viabilidade dos elementos da biodiversidade presente nestas áreas.

Para ADEGA, a proposta de ampliación en tramitación incumpre claramente ambos os dous artigos 3 e 10 da Directiva de Hábitats ao non contar con suficientes corredores ecolóxicos para garantir a conexión entre os actuais LICs. No noso país, a presenza dunha densa e extensa rede fluvial así como as numerosas serras e cordais que cunha orientación


<sup>4</sup> Ligazón: [http://www.magrama.es/es/biodiversidad/temas/red-natura-2000/7130\\_tcm7-24149.pdf](http://www.magrama.es/es/biodiversidad/temas/red-natura-2000/7130_tcm7-24149.pdf)



preferente N-S que limitan distintas unidades xeográficas, debería ter sido aproveitada na actual proposta para o establecemento destes corredores. Deste xeito acadarían tamén máis representación en Galiza os tipos de hábitats cuxa insuficiencia foi reiteradamente sinalada pola Comisión Europea: as turbeiras e os queirogais húmidos da rexión bioxeográfica atlántica, frecuentes nas serras litorais, interiores, dorsal galega e serras interiores e os bosques aluviais propios dos ríos tanto da rexión bioxeográfica atlántica como da mediterránea.

Porén, e en comparación coa proposta de ampliación da RN 2000 de 2008, a proposta de 2011 amosa unha ostensíbel carencia de corredores ecolóxicos e, portanto, unha menor coerencia.

**Figura 8.** Comparación entre a conectividade da proposta de ampliación da RN 2000 de 2011 (vermello) e a de 2008 (verde). Con frechas amarelas, algúns dos corredores ecolóxicos máis importantes ausentes na actual proposta. Fonte: Información cartográfica da Xunta de Galiza.




## CONSIDERACIÓNS ENCOL DAS AMPLIACIÓNS DE LICs e LICs DE NOVA CRIAZÓN

En aplicación dos argumentos desenvolvidos no apartado das consideracións xerais, pasamos a sinalar algunhas deficiencias atopadas na actual proposta de ampliación da RN 2000 con referencia a cada espazo:

### 1. AMPLIACIÓNS

**Carnota-Monte Pindo:** Da actual proposta, e con respecto ao documento de 2008, desbotáronse as conexións entre o espazo interior e o litoral no treito entre O Ézaro e Cee e o que é máis grave, desaparece a prevista ampliación do LIC nas serras litotais de Muros, Carnota, Mazaricos e Serra de Outes, con presenza de humidais e hábitats de turbeiras, o que duplicaría a superficie terrestre deste LIC. Casualmente nestas áreas excluídas están previstos varios desenvolvementos eólicos e canteiras a ceo aberto.

**Figura 9.** Proposta de ampliación da RN 2000 de 2008 (azul) para o LIC Carnota-Monte Pindo, coas áreas excluídas da proposta de 2011 e os desenvolvementos eólicos. Fonte: Datos cartográficos e ambientais da Xunta de Galiza.



**Fragas do Eume:** Segue a ser significativa a ausencia da zona do Pico Vello, ameazada por unha explotación mineira a ceo aberto de andalucita. Falla a conexión co LIC Xubia-Castro e coa serra da Cova da Serpe através da Serra da Loba. Ambas as dúas conexións estaban contempladas na proposta de 2008.

**Costa da Morte:** Segue sen estar xustificadas dende un punto de vista científico e da representatividade dos hábitats e especies presentes nestas áreas os “buracos” e recortes territoriais nos lugares de Camelle e Arou casualmente coincidentes coa ubicación das piscifactorías “Xandriña” e “Camelle” respectivamente, previstas no Plano Acuícola.

**Corrubedo:** Parécenos acaída a incorporación da zona da Laxe Brava, en Corrubedo, feito curiosamente coincidente co resolto nunha rexente sentenza do TSXG que declarou ilegal a piscifactoría prevista nesta zona. Sorprendentemente, outra área con similares valores naturais, a da Penisqueira e a costa de Aguiño (Ribeira), con presenza de hábitats dunares e matogueiras halófitas, fica excluída (hai proposta unha macrodepuradora). Suprímense tamén con respecto á proposta de 2008 outras áreas no perímetro do Parque Natural de Corrubedo, concretamente nos lugares de Vixán e A Graña, na contorna da lagoa de Vixán, e que poderían funcionar como áreas de amortecemento e corredor.

**Xubia-Castro:** A prevista ampliación deste LIC deixa fóra a conexión coas Fragas do Eume como xa se indicou no apartado correspondente a este espazo.

**Río Tambre:** A ampliación deste espazo manteno desconectado do LIC Esteiro do Tambre, do que por certo cáese tamén a inclusión da Illa da Creba e parte da costa de Outes e Boa (Noia). Pérdese deste xeito a oportunidade de conectar todos os espazos da bacía do Tambre através dun corredor ecolóxico.

**As Catedrais:** Queda fóra da ampliación, sen xustificación algunha dende o punto de vista ambiental, o treito de costa no concello de Ribadeo coincidente coa proposta piscifactoría de “Corvo”, do Plano Acuícola, área que ademais podería actuar como corredor entre este LIC e o Río Eo.

**Foz-Masma:** Ao contrario do que acontecía na proposta de 2008, a ampliación deste LIC deixa fóra un importante treito de costa no concello de Barreiros, que ademais o conectaría co LIC das Catedrais, casualmente coincidente cun territorio no que se teñen perpetrado importantes ilegalidades urbanísticas.

**Carballido:** A ampliación proposta é moi escasa e, ao contrario da proposta de 2008, deixa a este espazo desconectado dos LICs A Marronda, Nogueira e Ancares-Courel.

**Nogueira:** Ao igual que co LIC Carballido, este espazo fica desconectado dos outros LICs próximos (Carballido, A Marronda e Ancares-Courel) perdéndose a oportunidade de dotar de coherencia ecolóxica a unha importante área das serras orientais.

**Baixa Limia-Serra do Xurés:** Acúsase unha importante redución de superficie (arredor do 25%) con respecto á proposta de 2008 no concellos ourensáns de Baltar, Calvos de Randín, Vereas, Bande e Cualedro.

**Macizo Central:** Apresenta unha considerábel redución da súa superficie en comparación co documento de 2008, que atinxe a áreas cunha boa representación de bosques aluviais mediterráneos: Bacías do río Xares (concellos de A Veiga e O Bolo); do Návea (Pobra de Trives); e a vertente oeste do río Conso (Vilariño de Conso).

**Serra da Enciña da Lastra:** Fica na actual proposta desconectado do LIC Ancares-Courel, mentres que na proposta de ampliación de 2008 a Serra de Vilamartín actuaría como corredor.

**Canóns do Sil:** Ao contrario do previsto na proposta de 2008, este LIC fica desconectado do LIC Ancares-Courel pola non inclusión dun corredor fluvial ao longo deste río, área actualmente ameazada por varios proxectos hidroeléctricos.

## 2. LICs DE NOVA CRIAZÓN

**Serra de Foncuberta:** Sufre unha importante e inxustificada redución que atinxe ao corredor ecolóxico para a conexión co LIC Negueira, deixando fóra as serras de Liñares, Follabal e Invernal, así como tamén á bacía do Navallo. Este espazo fica tamén desconectado da bacía do Eo, e dos LICs da Marronda e Carballido. Na proposta de ampliación de 2008, estas áreas fican moito mellor representadas coa criazón dos LICs “Terras de Burón” e “Bacía do Eo”.

**Brañas do río Calvos:** A proposta deste pequeno LIC xunta co das Veigas do Salas e as Brañas de Golpellas supón unha importante merma con respecto ao que na proposta en 2008 supuña a ampliación do LIC Baixa Limia-Xurés, fundamentalmente cara o este, nos concellos de Baltar e Cualedro.

**Serra do Suído:** Pérdese unha importante superficie, especialmente no concello de A Lama, sí incluída na proposta de 2008, e coincidente con previstos desenvolvementos eólicos e canteiras. Asemade, a serra do Suído fica desconectada da bacía do Verduxo-Oitavén.

**Serra de Oia:** Ao igual que na proposta de 2008, a extensión protexida desta serra litoral non está suficientemente representada atendendo á presenza de hábitats de interese europeos e mesmo prioritarios (turbeiras). A prevista ubicación dos parques eólicos previstos (por exemplo Albariño I e II) semellan condicionar máis a proposta de criazón deste espazo que a necesidade de protexer todos os hábitats naturais de interese.


**Costa de Oia:** O mesmo pode dicirse deste espazo con respecto á exclusión das áreas de instalación das piscifactorías de Orelludas e Mougás.



**Illa de Cortegada:** Fica desconectada do sistema fluvial Ulla-Deza xa que, ao contrario que a proposta de 2008, non se inclúen o esteiro e os lombos do Ulla nen os litorais de Rianxo, Catoira e Vilagarcía.

**Miño-Neira:** Este novo LIC sofre unha importante redución (842 ha) fronte ás 18.210 ha contempladas na ampliación de 2008. Malia á importante representación de comunidades naturais ripícolas, con 5 hábitats de interese europeo, un deles prioritario e especies en perigo de extinción (mexilón de río) que mesmo levou a declarar áreas como a bacía do río Loio como ENIL (Espazo Natural de Interese Local), a actual proposta esquece incorporar esta extensa área fluvial á proposta galega da RN 2000. A maiores, este novo LIC que se estende por un importante treito da bacía do Miño, fica desconectado da Bacía do Eo, o LIC Ancares-Courel e o Canón do Sil, perdéndose a oportunidade de afortalar a coerenza ecolóxica dunha ampla área no centro-este do país.

**Figura 10.** Comparación entre a extensión do novo LIC Miño-Neira na proposta de ampliación de 2011 (vermello) e 2008 (azul). Fonte: Datos cartográficos da Xunta.



Por todo o anteriormente exposto, **SOLICITAMOS** que tendo por presentadas as presentes alegacións, a Xunta modifique a actual proposta de ampliación da Rede Natura 2000 atendendo aos criterios, propostas e deficiencias sinaladas nelas. En todo caso, dende ADEGA consideramos como documento de mínimos e proposta de partida a ampliación elaborada polo IBADER en 2008.

Compostela, 15 de marzo de 2012

Asdo. Fins Eirexas, Secretario Executivo de ADEGA

**SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E  
INFRAESTRUTURAS**